

Concello	ha
Castrelo de Miño	166
Castrelo do Val	19
Castro Caldelas	76
Celanova	8
Cenlle	112
Coles	13
Cortegada	48
Cualedro	2
Entrimo	5
Gomesende	14
Larouco	45
Laza	13
Leiro	155
Lobeira	4
Lobios	34
Manzaneda	121
Maside	1
Melón	9
Monterrei	65
Nogueira de Ramuín	37
O Barco de Valdeorras	133
O Bolo	166
O Carballiño	43
Ombra	19
O Pereiro de Aguiar	22
Ourense	57
Padrenda	52
Parada de Sil	65
Petín	84
Pontevedra	13
Punxín	20
Quintela de Leirado	12
Ramirás	9
Ribadavia	101
Riós	78
Rubiá	102
San Amaro	21
San Cibrao das Viñas	3
Taboadela	2
Toén	63
Verea	1
Verín	15
Vilamartín de Valdeorras	154
Vilardevós	85

Provincia: Pontevedra

Concello	ha
A Cañiza	66
A Estrada	88
Arbo	86
As Neves	86
Baiona	5
Barro	8
Bueu	63
Caldas de Reis	48
Cambados	11
Campo Lameiro	38
Cangas	16
Catoira	3
Cotobade	41
Crecente	111
Cuntis	31
Forcarei	1
Gondomar	21
Marín	50
Meaño	43
Meis	75
Moaña	28
Mondariz	102
Mondariz Balneario	1
Moraña	20
Mos	54
Nigrán	7
O Covelo	37
O Grove	1
O Porriño	55
O Rosal	33
Oia	22
Pazos de Borbén	27
Poio	28
Ponte Caldelas	21

Concello	ha
Ponteareas	87
Ponteceures	2
Pontevedra	89
Portas	25
Redondela	77
Ribadumia	6
Salceda de Caselas	45
Salvaterra do Miño	68
Sanxenxo	23
Silleda	14
Soutomaior	63
Tomiño	56
Tui	44
Valga	17
Vigo	25
Vila de Cruces	88
Vilaboa	46
Vilagarcía de Arousa	44
Vilanova de Arousa	19

3. Zonas de cultivo, maioritariamente, en socalcos.

Provincia: Lugo

Concello	ha
Carballedo	87
Chantada	289
Monforte de Lemos	196
O Saviñao	259
Pantón	471
Paradela	39
A Pobra de Brollón	46
Portomarín	68
Quiroga	447
Ribas de Sil	150
Sober	327
Taboada	68

4. Zonas con consideracións ambientais e paisaxísticas.

Provincia: Lugo

Concello	ha
Negueira de Muñiz	20

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E DESENVOLVEMENTO SOSTIBLE

Orde do 26 de agosto de 2008 pola que se amplía o prazo para a presentación de solicitudes para participar na segunda edición dos Premios Galicia á pequena e mediana empresa sustentable, convocados ao abeiro da Orde do 8 de abril do 2008.

Mediante a Orde do 8 de abril de 2008 (DOG nº 72, do 15 de abril), aprobáronse as bases reguladoras aplicables á concesión dos Premios Galicia á pequena e mediana empresa sustentable e convocouse a súa segunda edición para o ano 2008.

No artigo 10 desta orde establécese que o prazo de presentación das solicitudes para participar nesta segunda edición dos Premios Galicia á pequena e mediana empresa sustentable rematará o 1 de setembro de 2008.

Neste sentido e debido á complexidade que presenta algunha da documentación que teñen que presentar os beneficiarios destes premios, considérase conveniente ampliar o prazo de presentación das solicitudes para participar nesta segunda edición dos Premios Galicia á pequena e mediana empresa sustentable.

Polo exposto, no uso das atribucións que me confire o artigo 34.6º da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo único.-Amplíase ata o 1 de outubro do 2008 o prazo para a presentación de solicitudes para participar na II edición dos Premios Galicia á pequena e mediana empresa sustentable.

Disposición derradeira

Esta orde entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2008.

Manuel Vázquez Fernández
Conselleiro de Medio Ambiente e Desenvolvemento
Sostible

**ACADEMIA GALEGA
DE SEGURIDADE PÚBLICA**

Resolución do 22 de agosto de 2008 pola que se convocan catro cursos de segundo nivel de condución de vehículos todoterreo.

Dentro do programa de actividades que a Academia Galega de Seguridade Pública ten previsto realizar no ano 2008, e conforme coas funcións atribuídas pola Lei 1/2007, do 15 de xaneiro, de creación da Academia Galega de Seguridade Pública, anúnciase a convocatoria de 4 cursos de segundo nivel de condución de vehículos todoterreo, que deberán desenvolverse conforme as seguintes bases:

Primeira.-*Obxectivos.*

Con estes cursos preténdese dotar o persoal dos servizos de emerxencia e protección civil dos coñecementos teórico-prácticos para o manexo de vehículos todoterreo necesarios para desempeñar as súas tarefas.

Segunda.-*Destinatarios.*

Os cursos van dirixidos aos membros dos servizos de emerxencias e protección civil da Comunidade Autónoma, que teñan carné de conducir e superado o curso básico de protección civil, e que utilicen os vehículos todoterreo.

Terceira.-*Desenvolvemento.*

1. Prazas: 10 por curso.
2. Duración: 10 horas lectivas.
3. Datas: 6, 7, 8 e 9 de outubro do ano 2008.
4. Lugar: Academia Galega de Seguridade Pública.

Cuarta.-*Solicitudes e prazo de inscrición.*

1. A inscrición dos/das solicitantes é gratuíta.
2. As persoas interesadas poderán cubrir a solicitude que se amosa na páxina web <http://agasp.xunta.es>, ou o modelo anexo á convocatoria da actividade.

3. As solicitudes deberán vir asinadas pola persoa responsable da correspondente unidade e co selo desta. Este será requisito indispensable para ser admitido no curso.

4. Presentación das solicitudes:

-Por correo á sede da Academia Galega de Seguridade Pública: avda. da Cultura s/n 36680 A Estrada.

-A través do fax nº 886 20 61 23 do Servizo de Formación - Sección de Protección Civil e Bombeiros da Agasp, ou

-Segundo o previsto no artigo 38.4º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

-O prazo para a presentación de solicitudes rematará o día 22 de setembro de 2008.

Quinta.-*Contido.*

-O vehículo e o medio.

-Características técnicas (ángulos de ataque, central e de saída, inclinación lateral).

-Técnicas de condución (barro, neve, area, terreos accidentados, baixadas e subidas extremas).

-Rescate do vehículo (tracción directa, poleas e reenvíos, ancoraxes).

-Medios improvisados.

-Protocolos de seguridade que se utilizan nas manobras de rescate.

-Accesorios útiles e inútiles.

-Mantemento do vehículo.

-Lexislación.

-Conservación da natureza.

Sexta.-*Relación de admitidos.*

A relación de admitidos/as farase pública o día 30 de setembro de 2008 na páxina web: <http://agasp.xunta.es>.

Sétima.-*Asistencia.*

É obrigatoria a asistencia e puntualidade en todas as actividades do curso. A falta de asistencia, mesmo cando sexa xustificada, en máis dun 10% das horas lectivas programadas determinará a cualificación de non apto no curso.

Oitava.-*Certificado de aproveitamento.*

Ao remate dos cursos entregaráselles un certificado de aproveitamento a aquelas persoas que acrediten a súa asistencia continuada e superen as correspondentes probas de coñecementos.

Novena.-*Modificacións.*

A Academia Galega de Seguridade Pública poderá modificar o desenvolvemento dos cursos para adaptalos ás necesidades da Administración e ás continxencias que poidan xurdir.

A Estrada, 22 de agosto de 2008.

P.S. (Disposición primeira Orde do 31-1-2008,
DOG nº 23, do 1 de febreiro)
Mª Isabel Durántez Gil
Directora xeral de Interior